

I.E.S. ALLARIZ

<i>CURSO</i>	<b>DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR 3º E 4º CURSO</b>	<i>Cód</i>	
<i>ASIGNATURA</i>	<b>ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL</b>		

<i>PROFESOR/A (ES/AS)</i>	<b>Lorenzo Sobrino Martínez</b>		
<i>Título</i>	<b>Unidades didácticas da Consellería de Educación</b>		

<i>Autor</i>	<b>X. Armas Castro, X. Mouriño Cagide e B. Silva</b>		
--------------	--	--	--

<i>LIBRO DE TEXTO</i>	<i>Editorial</i>		<i>ISBN</i>	
	<i>Data Autoriz.</i>	<b>1999-2000</b>		<i>Galego /Cast</i>

## OBXECTIVOS

Propóñense os que se fixan para a E. S. O. en xeral, no que se refire ás áreas de Lingua (galega e castelá) e Ciencias sociais. Levan estes os números 5, 6, 8, 9 e 10. Complementáanse con outros obxectivos máis específicos que considero imprescindibles. A orde que teñen reflexa a súa importancia neste programa. Quedan como segue:

1. Comprender discursos orais e escritos, tanto en lingua galega como en lingua castelá, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as diversas situacións de comunicación.
2. Expresarse oralmente e por escrito, tanto en lingua castelá como en lingua galega, con coherencia e corrección, empregando o vocabulario e os recursos expresivos axeitados.
3. Interesarse por perfeccionar a expresión lingüística. Interesarse pola autocorrección.
4. Coñecer as normas e mecanismos básicos da lingua galega e da lingua castelá para empregalos con corrección e incorporalos as propias producións lingüísticas.
5. Coñecer e apreciar a diversidade espacial, cultural e lingüística do mundo e de Galicia manifestando respecto e tolerancia cara ós pobos e culturas diferentes.
6. Comprender e valorar a importancia da comunicación como un proceso básico da vida social e apreciar as dúas linguas oficiais de Galicia, entendendo as circunstancias que inflúen no seu uso e na súa evolución.
7. Valorar a lectura e a escrita como formas de comunicación e coma fontes de enriquecemento cultural e persoal.
8. Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como unha conquista das sociedades avanzadas, e rexeitar situacións de inxustiza e discriminación.
9. Valorar o patrimonio histórico, cultural e artístico da humanidade en xeral e de Galicia en particular como ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.
10. Identificar e analizar as interaccións das sociedades co medio, e fícerse conscientes das consecuencias medio-ambientais máis importantes.
11. Saber obter e relacionar información verbal, icónica, estadística, cartográfica, etc, a partir de distintas fontes, en especial, os medios de comunicación.
12. Interpretar e comentar textos literarios en lingua galega e en lingua castelá, dende posturas persoais críticas e creativas, valorando as obras relevantes da tradición literaria .

## **CONTIDOS TEMPORALIZADOS E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Prevese impartir as cinco primeiras unidades en terceiro e as cinco restantes en cuarto curso. Na primeira avaliación impartirase a unidade 1 e no resto, dúas unidades en cada unha, e se é posible, repasaranse contidos ou procedementos das avaliacións anteriores.

Con todo, adaptaremos os contidos ó ritmo que precise o alumnado e mesmo ó interese que cada unidade suscite nos alumnos, independentemente dos gustos ou preferencias que o profesor teña por cada un dos temas.

En canto ás competencias básicas que mencionamos a continuación, estas teñen moito que ver cos “contidos actitudinais” que sinalaremos en cada unidade. Por eso indicaremos a continuación de cada un deles a competencia ou competencias que se teñan en conta ó traballalos. Farase co seu número entre paréntese da lista que transcribo de seguido:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e a súa interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

### **Diversificación curricular I (3º ESO)**

#### **Unidade 1: Pobos, territorios e linguas.**

##### OBXECTIVOS

- Coñecer a distribución da poboación no planeta e os distintos factores que inflúen nela.
- Coñecer os datos máis relevantes da situación lingüística mundial, sabendo interpretalos a partir de gráficos e diagramas elementais.
- Comprender que a actual distribución das linguas e das culturas no mundo é o resultado dun proceso histórico, valorando os factores que influíron.
- Afirmar o dereito dos pobos a unha cultura e a unha lingua diferenciadas, e amosar tolerancia e respecto cora ás manifestacións culturais distintas da propia.
- Coñecer e apreciar a diversidade territorial, lingüística e cultural de España.

##### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A distribución da poboación mundial: poboación absoluta e densidade de poboación.
- Formación, evolución ou desaparición de pobos e linguas. Factores ou causas que o condicionan.
- A diversidade lingüístico-cultural do mundo. Culturas dominantes e dominadas.
- Os contrastes Norte-Sur. O papel das O. N. G.
- As comunidades históricas en España: linguas e culturas.

##### CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Interpretación de mapas e gráficos referidos á distribución da poboación e das linguas.
- Localización en mapas das distintas comunidades históricas e as súas peculiaridades xeográficas económicas ... máis relevantes.
- Análise da relación entre aspectos demográficos, económicos, sociais, políticos, etc.
- Identificación de semellanzas e diferencias entre Norte e Sur.
- Comparación da situación lingüístico-cultural de España coa doutros países.

### CONTIDOS ACITUDINAIS

- Valorar positivamente a diversidade lingüística e cultural do mundo, en xeral, e de España, en particular. (6)
- Respecto e tolerancia cara ós pobos e culturas diferentes da propia. (6)
- Solidariedade cos pobos menos favorecidos e coas culturas non normalizadas. (6)
- Interese por estar informado sobre a situación actual de pobos e culturas minoritarios e sobre os conflitos que a diversidade cultural e/ou lingüística xera no mundo. (8)
- Identificación dos trazos definidores da comunidade á que se pertence, coa súa cultura e coa súa lingua. (5)
- Preocupación por evitar os prexuízos por razón de lingua.(5)

### **Unidade 2: Movémonos e comunicámonos**

#### OBXECTIVOS

- Recoñecer que os desprazamentos de poboación, provocados por causas diversas, foron unha constante ó longo da historia, comprendendo as súas consecuencias culturais e políticas no futuro dos pobos.
- Identificar os grandes movementos migratorios do pasado e da actualidade que afectaron a Galicia e a España..
- Recoñecer os grandes avances que se produciron no último século nas comunicacións e os seus efectos sobre os modos de vida.
- Coñecer e identificar os elementos do proceso comunicativo e as formas básicas da comunicación humana.
- Valorar a utilización axeitada de estratexias de comprensión e de expresión para resolver situacións comunicativas diversas.

#### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Os movementos de poboación: causas e consecuencias. Emigrantes, inmigrantes e refuxiados.
- A emigración galega e española. Os recentes movementos de inmigración.
- A actividade comunicativa. Formas e características da comunicación humana.
- A comunicación ó longo da historia. Os medios de comunicación de masas e as novas tecnoloxías da comunicación

#### CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Interpretación de mapas, gráficos e datos estadísticos sobre movementos de poboación.
- Diferenciación de aspectos positivos e negativos dos movementos de poboación.
- Identificación dos elementos que interveñen na comunicación.
- Identificación dos trazos característicos da comunicación oral e escrita.
- Producción de mensaxes (en galego e castelán) orais e escritos. Identificación das características diferenciáis.
- Construción e transformación de mensaxes escritas (en castelán e galego) a partir de certos supostos comunicativos

#### CONTIDOS ACTITUDINAIS

-Solidariedade coas poboacións inmigrantes e refuxiadas, e crítica das actitudes xenófobas e racistas. (6)

-Valorar os avances nos sistemas de comunicación, recoñecendo os beneficios que supón para a sociedade en xeral e o individuo en particular, pero reflexionando tamén sobre os posibles prexuízos que, mal empregados no seu uso ou abuso, poden conlevar á sociedade e ó individuo. Conciencia da incidencia das novas tecnoloxías da comunicación na maneira de pensar e de relacionarse. (7), (8)

-Respecto polos normas que rexen o intercambio comunicativo. (1)

-Interese polo uso correcto e axeitado dos recursos propios dos códigos oral e escrito. (1)

-Concienciación sobre a importancia de saber comunicarse. (1)

### **Unidade 3: Un mundo de cidades.**

#### OBXECTIVOS

-Identificar os trazos que caracterizan o modo de vida urbano en contraposición co rural e coñecer a diversidade humana no mundo.

-Identificar os momentos máis significativos do proceso urbanizador ó longo da historia.

-Coñecer e valorar as interaccións entre cidade e territorio e os que se dan entre modos de vida urbanos e rurais no Galicia de hoxe.

-Coñecer os datos máis relevantes (históricos, urbanísticos, socioeconómicos, demográficos, artísticos, etc) da cidade de Ourense e os seus principais problemas.

-Interpretar e producir mensaxes nas linguas castelá e galega asociadas con distintos ámbitos ou funcións comunicativas propias da vida urbana.

#### CONTIDOS CONCEPTUAIS

-Mundo urbano e mundo rural. Concepto de cidade.

-A interacción campo-cidade na Galicia de hoxe.

-O proceso de urbanización no mundo.

-Principais institucións, organizacións, asociacións... etc. que rexen o funcionamento dunha cidade. Funcións e importancia.

-Os problemas urbanos: degradación ambiental, marxinação, violencia

-A situación socio-lingüística nas cidades.

-A cidade como contexto lingüístico diversificado. Tipos de discurso, funcións e ámbitos de uso

#### CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

-Identificación de cambios e permanencias no espazo urbano.

-Establecemento de relacións entre espazos e funcións urbanas.

-Interpretación de planos.

-Identificación de mostras da interacción campo-cidade, tras a observación directa do propio contorno.

-Identificación das funcións das distintas institucións, asociacións, organizacións de diversa índole, que rexen o funcionamento e a vida nunha cidade

-Producción de mensaxes en galego e castelán referidas a distintos ámbitos da vida urbana: cartas, instancias, solicitudes, curriculum vitae...

-Describir distintos espazos urbanos empregando con corrección o léxico axeitado tanto en lingua galega como en lingua castelá.

### CONTIDOS ACITUDINAIS

- Respecto e protección do patrimonio e do medio ambiente urbano. (5)
  - Respecto polos normas que rexen a convivencia nas cidades. (5)
  - Crítica de comportamentos violentos e insolidarios nas cidades. (5)
  - Valoración crítica da situación da lingua galega nas cidades. (1)
  - Interese por saber desenvolverse nas situacións comunicativas propias das cidades.
- Coidado na elaboración de mensaxes referidos a distintos contextos da vida urbana. (8)

### **Unidade 4: Organizámonos e establecemos normas**

#### OBXECTIVOS

- Coñecer os trazos que definen os réximes democráticos e as circunstancias históricas da súa formación, rexeitando situacións de desigualdades sociais e de privación de dereitos humanos
- Comprender a organización e o funcionamento do sistema político español e da Autonomía Galega.
- Tomar conciencia dalgúns problemas que afectan ós réximes políticos actuais.
- Coñecer o marco legal no que se moven as dúas linguas oficiais de Galicia e valorar os problemas da súa posta en práctica.
- Coñecer a norma lingüística do castelán e galego e comprender a existencia de normas sociolingüísticas no uso das linguas e das súas variedades internas.

#### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A formación dos réximes democráticos e os seus principios.
- A democracia española: Constitución e Estado das Autonomías.
- Os problemas das democracias: desigualdades, dereitos das minorías, paro, terrorismo...
- Marco xurídico das linguas en Galicia. A Lei de Normalización lingüística.
- Norma lingüística e norma sociolingüística. Corrección e adecuación.
- Lingua estándar e variedades internas das linguas (registros lingüísticos e niveis de lingua).

#### CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Comparación entre réximes políticos democráticos e autoritarios.
- Identificación no mundo actual de situacións de represión política e de privación de dereitos humanos.
- Identificación e valoración dalgúns problemas importantes da situación política galega e española.
- Identificación en mensaxes (tanto en galego coma en castelán) orais e escritas dos trazos característicos das distintas variedades das linguas.
- Producción de mensaxes orais e escritas (en lingua castelá e galega) atendendo ás normas socioculturais das dúas linguas.
- Producción de mensaxes orais e escritas (en galego e castelán) atendendo ás normas gramaticais das dúas linguas.

#### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Defensa dos dereitos e das liberdades das persoas. (5)
- Condena de comportamentos violentos e das agresións contra os dereitos humanos. (5)

- Solidariedade cos pobos que sofren inxustizas e privación de liberdades. (5)
- Preocupación e interese polo corrección no uso das linguas galega e castelá. (1)
- Preocupación e interese polos criterios de adecuación lingüística. (1), (8)

## **Unidade 5: Ler un libro, observar un cadro, escribir un conto**

### OBXECTIVOS

- Avivar o gusto polo lectura literaria, fomentando o contraste e a transferencia entre o mundo da literatura e o da vida cotiá.
- Entender a literatura e a arte como expresión das ideas e dos modos de vida dunha época.
- Coñecer os recursos técnicos e formais básicos da lingua literaria para facilitar a interpretación de textos literarios.
- Aproximarse á linguaxe pictórica a través da observación e análise dalgunhas obras representativas historia da pintura.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A literatura e a arte como formas específicas de comunicación.
- A Literatura. Periodización da Literatura Castelá e da Literatura Galega. Correntes, estilos e formas de expresión literaria.
- Procedementos estruturais e formais na construción do texto poético, do texto narrativo e do texto dramático.
- A pintura. Correntes pictóricas. Pintura figurativa e pintura abstracta.

### CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Lectura comprensiva de textos literarios (galegos e casteláns) pertencentes a xéneros e correntes diversas.
- Recoñecemento dalgunhas características propias da época, movemento, corrente ou autor, de determinados textos literarios.
- Identificación de procedementos técnicos e formais propios da lingua literaria. Funcionalidade dos mesmos.
- Observación e interpretación de obras pictóricas pertencentes a distintas correntes artísticas.

### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Atención e interese polo lectura de obras literarias e estima dos recursos propios da literatura. (6)
- Gusto por estar informado sobre as novidades literarias. (6)
- Estima polos valores humanos representados por personaxes literarios. (6), (8)
- Gusto por visitar exposicións de obras de arte e estar informado sobre as tendencias actuais na Arte. (6)

## **DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR II (4º DE ESO)**

### **Unidade 6: Quén somos, cómo falamos.**

#### OBXECTIVOS:

- Identificar os trazos humanos, económicos e culturais máis característicos de Galicia.
- Coñecer algúns dos momentos máis significativos da evolución histórica de Galicia.
- Coñecer e valorar algúns dos problemas que afectan actualmente desenvolvemento económico e cultural de Galicia.
- Comprender a actual situación lingüística de Galicia e as súas raíces históricas.
- Valorar positivamente os dous idiomas oficiais de Galicia, afirmando a lingua galega como elemento clave da propia identidade.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Galicia, un territorio de contrastes. Trazos culturais, humanos e paisaxísticos definidores.
- Algúns problemas da Galicia actual: A crise da sociedade tradicional, a integración na UE.
- Evolución histórica da situación social do galego.
- O contacto galego- castelán na actualidade: interferencias, cambios de código. Principais castelanismos no uso do galego e galeguismos no uso do castelán. Algunhas normas ortográficas e morfolóxicas diferenciadoras do galego e castelán.
- As variedades sociais e xeográficas da lingua galega e a elaboración do galego estándar.

### CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Localización das grandes unidades xeográficas de Galicia.
- Identificación e situación cronolóxica dos grandes momentos da evolución histórica de Galicia
- Análise dalgúns dos problemas fundamentais da Galicia actual.
- Análise e comentario das causas da situación social do galego nos diferentes momentos históricos ata a situación actual.
- Identificación de trazos dialectais da lingua galega (en textos orais e escritos) e comparación co galego estándar.
- Recoñecemento e autocorrección dos erros (ortográficos, morfolóxicos...) cometidos en ambas as dúas linguas polas interferencias lingüísticas.

### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Interese por coñecer o territorio de Galicia e os modos de vida das súas xentes. (3)
- Interese por coñecer o pasado de Galicia e a coxuntura histórica na que nos atopamos. (5)
- Estima polo competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia e valoración crítica da súa situación social. (1)
- Aprezo e valoración da lingua e da cultura galegas como elementos configuradores da identidade persoal e colectiva. (6), (5)
- Actitude crítica respecto dos prexuízos relacionados con colectivos sociais e étnicos ou con usos lingüísticos. (5)

## **Unidade 7: Construimos discursos e actuamos**

### OBXECTIVOS:

- Coñecer as características da oralidade e da escritura como formas básicas da comunicación humana.

- Interpretar e construír mensaxes orais e escritas con corrección e adecuación a distintas situacións comunicativas.
- Coñecer as unidades gramaticais básicas e os niveis nos que se estrutura o discurso.
- Valorar a importancia do uso rigoroso das linguas galega e castelá respectando as normas gramaticais, sociolingüísticas e pragmáticas que as rexen.
- Comprender a trascendencia sociocultural e política da palabra e da escritura ó longo da historia.

#### CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Niveis lingüísticos: fónico, morfosintáctico, léxico e textual.
- O discurso como unidade lingüística.
- Trazos distintivos da linguaxe oral e da linguaxe escrita.
- Elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación oral e na comunicación escrita.
- Tipos e formas do discurso oral e do discurso escrito.
- O recurso da palabra na xestión de procesos políticos, sociais e culturais.

#### CONTIDOS PROCEDIMENTAIS:

- Análise e interpretación de mensaxes orais de tipoloxía diversa.
- Identificación dos elementos que conforman a multidimensionalidade do discurso oral.
- Análise de textos escritos, identificando as características e os recursos básicos da lingua escrita.
- Construcións de mensaxes orais e escritas de tipoloxía diversa.
- Análise da relación entre o uso da palabra e grandes acontecementos históricos...

#### CONTIDOS ACTITUDINAIS:

- Valoración da linguaxe oral e escrita como instrumento para satisfacer as necesidades de comunicación. (1), (8)
- Preocupación pola orde, a claridade, a coherencia e a corrección gramatical na expresión oral e escrita. (1), (7)
- Interese e autoesixencia na elaboración das producións orais e escritas en galego e en castelán. (1), (8)
- Valoración das normas que rexen a comunicación, tanto na expresión oral como na escrita. (1)
- Toma de conciencia da importancia da palabra tanto na resolución de conflitos como na súa manipulación. (1), (8)

### **Unidade 8: Informarse para opinar**

#### OBXECTIVOS

- Mostrar interese por estar informados sobre temas de actualidade e de interese xeral, adquirindo hábitos de lectura da prensa periódica e de seguimento dos medios de comunicación.
- Interpretar mensaxes verbais e icónico-verbais dos medios de comunicación, comprendendo a funcionalidade comunicativa dos distintos elementos.
- Debater ordenadamente emitindo opinións fundamentadas e respectar as opinións dos demais buscando solucións de consenso.
- Explorar distintos fontes de información sobre un determinado tema, elaborando sínteses e extraendo conclusións sobre el.
- Adoptar unha actitude crítica ante as ideas, opinións e valores difundidos a través dos medios de



comunicación, comprendendo os intereses que poden representar.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Principais medios de comunicación. Función social e características.
- As mensaxes icónico-verbais. A linguaxe da publicidade.
- A liberdade de opinión e de expresión como dereito das persoas. Un repaso á nosa historia máis recente. Un repaso á situación actual do mundo.
- Fontes e recursos informativos. Bibliotecas, hemerotecas, videotecas, arquivos, redes informáticas...
- Formas e procedementos técnicos para o intercambio de opinións e de información: debate, mesa redonda, xogo de roles...
- Formas de ofrecer a información (sobre todo, nos medios de comunicación escritos): noticia, crónica, reportaxe, entrevista.
- Grandes problemas de actualidade.

### CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Consulta de distintas fontes de información sobre un determinado tema.
- Exploración de opinións sociais sobre cuestións controvertidas e formulación de conclusións
- Elaboración de resumos, esquemas, cadros sinópticos, etc.
- Achegamento a distintos medios de comunicación ( xornal, radio, televisión,): coñecer os elementos básicos do seu funcionamento, receptores, funcionalidade.
- Lectura e interpretación de mensaxes verbais e icónico-verbais dos medios.
- Tratamento dun determinado tema ou conflito social en formato de prensa escrita, de cómic, de programa radiofónico, etc.
- Identificar as diferencias entre noticia, entrevista, reportaxe, crónica...

### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Conciencia da importancia dos medios de comunicación no mundo de hoxe. (4)
- Actitude crítica ante os mensaxes de distintos medios de comunicación diferenciando entre información e opinión. (4), (8)
- Valoración das posibilidades comunicativas e artísticas dos códigos non verbais. (1), (6)
- Interese por estar informado e por coñecer os recursos e procedementos para adquirir a información. (1), (7), (8)
- Valoración da exposición ordenada de ideas e da utilización de argumentos para defender opinións. (1), (8)
- Respecto polas ideas ou opinións diferentes das propias. (5)
- Actitude aberta e valoración crítica diante das innovacións técnicas relacionados coa información e coa comunicación. (4)

## **Unidade 9: Desenvolvemento, cultura e medio ambiente**

### OBXECTIVOS

- Identificar os principais indicadores do desenvolvemento económico.
- Comprender a actual división do mundo entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Coñecer a situación de España e de Galicia dentro do mundo desenvolvido.
- Identificar algúns dos problemas sociais e humanos que van vinculados ó desenvolvemento económico.
- Identificar os repercusións do desenvolvemento económico no medio ambiente.
- Constatar que ó longo da historia os áreas máis desenvolvidas económica e tecnoloxicamente impuxeron o seu dominio e a súa cultura ás menos desenvolvidas.
- Describir aspectos relacionados co noso medio ambiente máis cercano.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Os sectores da actividade económica e o seu peso nas economías desenvolvidas.
- Países desenvolvidos e subdesenvolvidos. Un modelo global de desenvolvemento
- Desenvolvemento económico e impacto ambiente.
- Desenvolvemento sostible e diversidade cultural.

### CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- Ler e interpretar mapas, gráficos e datos estadísticos sobre aspectos de desenvolvemento económico.
- Diferenciar entre economías desenvolvidas e subdesenvolvida
- Identificar os principais efectos do desenvolvemento sobre a degradación do medio ambiente
- Indagar sobre algún aspecto de degradación do medio ambiente a nivel local.
- Indagar sobre o impacto que cada un como individuo no seu contexto, provoca no medio ambiente.

### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Actitude crítica ante certos abusos e desequilibrios que ven unidos ó desenvolvemento económico. (3), (8)
- Solidariedade cos países de economías menos desenvolvidas. (3)
- Valoración do medio ambiente e rexeitamento de comportamentos económicos que contribúen á súa degradación. (3)

## **Unidade 10 : Unha viaxe a través do tempo**

### OBXECTIVOS

- Establecer relacións entre manifestacións culturais e artísticas e o contexto social no que se producen, valorando as influencias mutuas.
- Coñecer algúns feitos e figuras especialmente relevantes na historia cultural de España e de Galicia.
- Comparar a situación social e o papel cultural das linguas galega e castelá en distintos momentos históricos, comprendendo os factores que o explican.
- Valorar o patrimonio histórico, cultural e artístico como ben común que debemos estimar e protexer.
- Apreciar e defender as situacións sociopolíticas que favorecen a variedade de opcións culturais e artísticas e que estimulan a creatividade.
- Procurar e valorar a propia creatividade.

### CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Manifestacións e figuras relevantes da historia cultural española e galega.
- Principais fitos na situación social do galego e do castelán e seu rol como linguas de cultura.
- Situación sociopolítica e produción cultural. Mecanismos de control ideolóxico: censura, autocensura, etc.
- Descubrimentos técnicos e desenvolvemento cultural de sociedades: a escritura, a imprenta, os medios audiovisuais...

-Culturas autóctonas e uniformización cultural: a situación galega.

### CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Establecemento de relacións de causalidade entre fenómenos culturais e sociopolíticos.
- Comparación de roles das linguas galega e castelá en distintos momentos históricos.
- Identificación de manifestacións de control ideolóxico na vida cultural en réximes dictatoriais
- Identificación de comportamentos colectivos, de modos de vida e de producións artísticas asociadas coa cultura galega.
- Comparación da transcendencia social de acontecementos culturais en distintos momentos históricos.

### CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Valoración dos modos de vida e de relación propios, fronte a modelos culturais uniformadores. (3), (5), (8)
- Actitude crítica diante da influencia dos medios de comunicación de masas no proceso de estandarización cultural. (4), (8)
- Respecto e defensa do patrimonio cultural e artístico en xeral e de Galicia en particular. (6)
- Valoración e defensa dos réximes políticos que favorecen a liberdade cultural e artística. (5), (6)

## **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

Sinalan estes contidos mínimos os niveis de aprendizaxe que deben acadar os estudantes en congruencia coa selección e organización dos contidos e coa forma de desenvolver o proceso de ensinanza. Tense en conta para a súa formulación que os alumnos de diversificación son aspirantes a obter o título de Graduado en Educación secundaria. Quedan formulados como segue:

### **Diversificación curricular I (3º ESO)**

1. Identificar e localizar a diversidade de pobos do planeta sinalando algúns trazos do seu medio natural, das actividades humanas, da cultura, da lingua e das relacións de poder que os caracterizan entendendo a situación actual como o resultado dun proceso histórico.
2. Recordar os grandes movementos e desprazamentos da poboación ó longo da historia, con especial referencia a Galicia e España; analizar algunhas das súas consecuencias sociais, culturais e lingüísticas máis destacadas.
3. Localizar as grandes áreas urbanas do mundo e describir a xerarquía urbana en Galicia e en España. Comentar os principais problemas que afectan ó modo de vida urbano nos aspectos ambiental, social, cultural e comunicativo.
4. Localizar as principais zonas desenvolvidas e subdesenvolvidas do mundo, e explicar os desequilibrios económicos, políticos e culturais existentes entre elas.
5. Recoñecer os principios e as institucións característicos dos réximes políticos democráticos en xeral, e en España en particular, e apreciar os dereitos e liberdades das persoas e dos pobos como conquistas das sociedades avanzadas.
6. Producir textos orais e escritos axustándose a un plano ou guión previo, e respectando criterios de orde lóxica, claridade expositiva, corrección gramatical e, de ser o caso, presentación gráfica.

7. Analizar e avaliar acontecementos e situacións da vida cotiá manifestando actitude crítica ante a violencia, os abusos e as discriminacións, e defendendo os valores de paz, a solidariedade e a tolerancia.

8. Planificar e desenvolver algunha investigación sinxela sobre un tema de ámbito local ou de actualidade abordando tarefas de busca e recollida de información, organización e tratamento dos datos e elaboración de informes, comunicando os resultados de forma clara e intelixible.

## **Diversificación Curricular II (4º DE ESO)**

1. Identificar e caracterizar as Comunidades Autónomas de España e as linguas e culturas do territorio español. Comprender a situación sociolingüística que se produce en Galicia, produto do contacto entre as dúas linguas.

2. Analizar algúns riscos e problemas medioambientais máis graves en Galicia, en España e no mundo ocasionados polas actividades humanas, e sinalar prácticas e comportamentos cotiáns que poden contribuir á preservación do medioambiente.

3. Identificar en textos orais e escritos de diverso tipo e ámbito de uso, imaxes e expresións que denoten distintos tipos de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou cultural, etc., e buscar alternativas que eviten o seu uso.

4. Obter de distintas fontes (orais, escritas, icónicas, cartográficas, estadísticas, etc.) informacións que sexan relevantes desde distintas perspectivas e intencións, e mostrar a súa comprensión mediante a paráfrase verbal e o resumo escrito.

5. Completar, contrastar e integrar informacións procedentes de distintos medios de comunicación coa finalidade de elaborar unha síntese ou informe que reflecta os datos e os puntos de vista principais, así como as propias opinións.

6. Identificar manifestacións literarias e artísticas que exemplifiquen movementos ou estilos ben definidos sinalando os seus trazos máis característicos e valorando a súa dimensión estética.

7. Establecer relacións entre as obras, autores e movementos máis relevantes das literatura galega castelá e o contexto histórico no que aparecen.

8. Analizar e avaliar acontecementos e situacións da vida cotiá manifestando actitude crítica ante a violencia, os abusos e as discriminacións, e defendendo os valores de paz, a solidariedade e a tolerancia.

9. Planificar e desenvolver algunha investigación sinxela sobre un tema de ámbito local ou de actualidade abordando tarefas de busca e recollida de información, organización e tratamento dos datos e elaboración de informes, comunicando os resultados de forma clara e intelixible.

## **METODOLOXÍA, MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Preténdese abandonar modelos pedagóxicos dirixistas, de maneira que a aprendizaxe sexa por descubrimento do propio alumnado, protagonista, deste xeito, do seu propio proceso de aprendizaxe.

Propónse unha metodoloxía activa que permita ós alumnos e alumnas implicarse nas tarefas que realizan. Convén que os procedementos empregados sexan variados (evitar o aburrimiento, a rutina que distancia ou a monotonía do esperable) para procurar unha clase dinámica e áxil, compatible, sen embargo, coa profundización nos diferentes temas e o traballo asumido con rigor.

O profesor explicará cando sexa preciso, para establecer un marco xeral, uns principios básicos que o alumnado debe coñecer ó traballar nun tema determinado, para informar daquello que non se atope ó alcance do alumno/a, pero sobre todo, o profesor deberá orientar e guiar (utilización da información, plantexamento e resolución de problemas).

Calquera metodoloxía empregada terá sentido sempre que sexa útil e axeitada, e isto só se poderá valorar na práctica. Por iso se procurará facer saídas cos alumnos a fin de que poidan

comprobar fóra do centro o que se di na aula.

A diversidade de materiais (internet, textos escritos, prensa, mapas, gravacións, música, fotografías, vídeos, dicionarios, planos ...) ten relación coa diversidade de actividades (todo tipo de tarefas que se desenvolven na aula e fóra dela) encamiñadas a guiar e desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe.

Calquera das actividades propostas, debe ter unha significación para o alumnado. O profesor deberá plantexar o "por qué" e o "para qué" de cada unha das tarefas, de maneira que tanto a proposta como as claves para a súa realización como os obxectivos dos mesmo, estean claros en todo momento.

De cara ós alumnos, faráse fincapé nos seguintes temas:

1.-Esixencia dunha presentación cuidada de exercicios escritos, traballos, caderno ... que se concreta en:

-Presentación clara, ordenada e con marxes.

-Corrección morfosintáctica e puntuación adecuada.

-Ortografía correcta. Nos exercicios que o profesor corrixa descontará 0,10 puntos por cada falta de ortografía ou vulgarismo, e o mesmo por cada catro usos incorrectos da til.

2.-Os alumnos disporán dun caderno cos seguintes apartados:

-Materiais de Unidades didácticas e outros que se lles entreguen e exercicios sobre os mesmos

-Expresión: dividirán as páxinas deste apartado en dúas columnas. Anotarán na columna da esquerda tódalas expresións incorrectas que o profesor lles sinale na corrección dos exercicios, e os textos mal puntuados. Na columna da dereita enmendaranos. Indicarán claramente a procedencia das correccións ó seu comenzo.

-Ortografía: anotarán na columna da esquerda deste apartado as faltas de ortografía, vulgarismos e usos incorrectos do til. Á dereita copiarán 5 veces cada erro

Os dous últimos apartados faránse por separado para galego e para castelán.

3.-A maneira de sinalarlles as deficiencias de expresión e ortografía nos exercicios que se lles corrixan será así:

-Frase incorrecta: suliñarase cunha raia ondulada.

-Falta de ortografía: suliñarase cunha raia dobre.

-Ausencia de til: suliñarase cunha raia sóio

-Vulgarismo: meterase nun círculo.

Será entón o alumno quen preguntando ou simplemente fixándose máis corrixa as súas deficiencias expresivas.. Ademais ó final de curso disporá dun índice dos seus erros sintácticos, morfolóxicos e ortográficos máis comúns e así poderá ilos emnendando.

Utilizaranse como materias básicos as unidades didácticas facilitadas pola Consellería de Educación elaboradas por Xosé armas Castro, Xavier Mouriño Cagide e Bieito Silva Malidivia.

Completarase este material co que os/as profesore/as poidan aportar que serán basicamente recortes de prensa que estean en consonancia cos temas tratados, películas e gravacións, que serán utilizados como material complementario e procurarase que teña que ver cos intereses e preocupacións dos estudantes para conseguirla súa motivación e compromiso, que permitan un papel activo do alumno, que o impliquen coa realidade máis actual e que o estimulen a pensar, a ser crítico e tolerante con outras culturas, con outras formas de ser e con outros puntos de vista.

## **AVALIACION INICIAL. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de avaliación veñen fixados en parte polo P. C. C. O departamento añade outros. Son iguais para os dous cursos.

1. -A avaliación será formativa. Quere isto dicir que o profesor debe coñecer o punto de partida dos alumnos en xeral, e se é posible de cada un en particular. A partir de aí valorará os progresos do alumno, adecuarase ó seu nivel, analizará as causas das dificultades da aprendizaxe

e reorientará, se é preciso, o proceso de ensinanza-aprendizaxe deseñado.

2.-A avaliación será continua: non pode baixo ningún concepto limitarse a uns días nos que se realicen probas, senón que se terán moi en conta as actividades habituais do alumno na aula. Para iso, traballarán individualmente ou en grupo as actividades que se lles propoñan. Logo recolleránselles nuns casos e noutros correxiránse oralmente, e iránselles pondo as correspondentes notas.

3.-Será globalizadora: teranse en conta as actitudes, valoraráanse fundamentalmente os procedementos, competencias e destrezas que o alumno vaia adquirindo a partir da súa situación inicial ...

4.-O proceso de avaliación debe ser claro. Antes de empezar un traballo, débese explicar ós alumnos en qué consistirá a avaliación. Posteriormente débense comentar os fallos cometidos polos alumnos e polo profesor. Non obstante, máis importante que comentar os fallos é observar conxuntamente os avances conseguidos pois iso crea un ambiente optimista na clase imprescindible para traballar a gusto.

5.- Xa que a avaliación é globalizadora e ademais estamos nun ensino obrigatorio, ningún alumno que mostre unha boa actitude debería ser avaliado negativamente, salvo casos extremos.

6.-Para poñer as notas de cada avaliación teremos en conta a seguinte valoración:

50% contidos (exames).

20% lecturas (10 % lectura en voz alta, e 10 % exame sobre o libro lido)

20% exercicios de clase.

10% presentación do caderno

-As calificacións dos apartados anteriores serán numéricas. Como a nota reflectida no acta para as avaliacións debe ser un número enteiro, os decimais que puidesen saír como resultado de todo o que se ten en conta para a nota da avaliación, redondearanse ao número enteiro máis próximo. Se por calquera causa algún dos apartados non tivese nota, a súa porcentaxe sumarase á dos contidos (exames)

6.-Por motivos xustificadas, o profesor poderá subir a nota “obxectiva” dun alumno.

7.-Recuperacións: como entre unhas avaliacións e outras non se produce ningún tipo de ruptura (séguense traballando contidos similares), non será necesario realizar probas de recuperación. O alumno que aprobe a segunda avaliación, ten aprobada automaticamente a primeira. Igual ocorre coa terceira e a segunda.

8.-A nota de final de curso será a media das tres avaliacións

9.-Ó final de cada curso elaboraráse unha proba de carácter fundamentalmente práctico para os alumnos que non teñan superada a última avaliación ou para os que estean en dúbida. Esa proba tratará de medir o nivel de acadamento dos obxectivos e competencias prantexados e a nota da mesma constituirá a calificación final.

10.-A presentación de tódolos traballos realizados, así coma o caderno da asignatura debidamente organizado, serán condicións indispensables para poder aprobar. Non obstante, o bon criterio do profesor poderá eximir dalgúns deses condicionantes se as circunstancias así o aconsellan.

11.-Alumnos que teñan perdido o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación: para poder aprobar deberán presentar, realizados por eles mesmos, tódolos exercicios que teñan feito os demais. Cumprida esta condición, a final do segundo curso realizarán cos demais compañeiros a proba da que se fala no apartado 9 A nota será a desta proba.

9.-Exame de setembro: poñeráse en función de comprobar que o alumno adquiriu os contidos mínimos esixidos para o curso e as competencias básicas. Ademais, o profesor poderá mandar traballos que o alumno realizará durante o verán e que poderán ser valorados na nota de setembro.

10.-Os alumnos que non se presenten á realización dalgún control, proba ou exame do que se derive unha nota, deberán aportar xustificante oficial escrito para poder ser avaliados de novo. Esta xustificación debe presentarse debido á sospeitosa acumulación de faltas nos días de exame

por parte dalgúns alumnos. A repetición dun exame, ou a creación dun novo, días máis tarde supón un agravio comparativo co resto da clase se non se xustifica correctamente.

Para asegurar o correcto desenvolvemento dunha proba ou exame, non se permitirá a realización deste aos alumnos que cheguen cun atraso considerable a non ser que aporten nese mesmo momento un justificante oficial escrito.

11.-Consideraremos que se produciu abandono manifesto da materia por parte dun alumno e esta será comunicada a quen proceda, cando se dean dúas das seguintes circunstancias:

- Non facer sistemáticamente os exercicios ou traballos encomendados
- Actitude negativa, falta de colaboración e hostilidade nas clases.
- Baixo rendemento nos controis periódicos de coñecementos.
- Faltas de asistencia inxustificadas.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Saídas por Allariz e arredores (Rexo, Penamá, Santa Mariña...)
- Visita e colaboracións coa radio local.- Recolleitas de tradicións orais (Fogar dos maiores,...).
- Asistencia aos espectáculos teatrais de interese no Teatro Principal, MITEU;...
- Celebración das Letras Galegas.
- Vista a *La Región, La Voz de Galicia*.
- Excursión a Oseira, Ourense...
- Excursión a Celanova, Baixa Limia...
- Participación nas actividades que propoña a vicedirección, a encargada da biblioteca, o Concello ou outra entidade, sempre que sexa interesante e viable.

## **TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA**

Trataráse de que os alumnos lean unha obra cada trimestre. Eso faráse en voz alta na aula a fin de que melloren a súa capacidade de expresión oral.

As obras aínda están sen fixar xa que o que se pretende é que enriquezan os coñecementos dos alumnos e que a lectura lles sexa o máis agradable posible. Para acadar estes obxectivos debemos coñecer ós alumnos e os temas que lles son de interese. En consecuencia iremos fixando as obras de lectura obrigatoria ó longo de curso.

## **TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.**

Dentro das posibilidades que o centro nos ofrece, trataremos de que o ordenador sexa utilizado como instrumento de traballo na aula, para consultar a prensa diaria, búsqueda de informacións. En concreto será de moita utilidade os seguintes enderezos, relacionados tamén co fomento da lectura:

-Fomentarse o uso do blog do IES de Allariz([www.blogoteca.com/iesallarizenl](http://www.blogoteca.com/iesallarizenl)) como foro onde informarse sobre os libros e onde opinar sobre as obras lidas. A mesma páxina pode ser obxecto de lectura e debate na aula.

-O profesor actuará tamén como divulgador das bibliotecas escolares, bibliotecas virtuais e páxinas que teñen que ver co fomento da lectura:

-<http://www.edu.xunta.es/portal> Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria(Sección Bibliotecas Escolares).

-<http://www.agabel.net> Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a lectura.

-<http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas> Páxina de recursos para as bibliotecas escolares do Ministerio de Educación.

-<http://www.sol-e.com> Portal de literatura infantil e xuvenil

-<http://www.filix.org> Literatura infantil e xuvenil en galego  
-<http://www.ourizoazul.org> Literatura infantil e xuvenil galega. Consellería de Cultura e Deporte.  
-<http://www.galix.org> Galix: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.  
-<http://www.bivir.com> Biblioteca virtual de literatura universal en galego. Asociación de Tradutores Galegos.  
-<http://bvg.udc.es/index.isp> Biblioteca virtual galega. Universidade da Coruña.  
<http://www.cervantesvirtual.com/portal/platero> Biblioteca Platero de literatura infantil e xuvenil.

Proporase que o alumnado elabore recensións e pequenas críticas sobre os fondos da biblioteca do centro, que se colgarán no blog e tamén se seleccionarán e publicarán na sección “A nosa biblioteca” da revista O Pregoeiro.